

Proxecto Comenius

Vigo'09




Two week primary teachers' project

CONCELLERÍA
DE EDUCACIÓN



PROXECTO COMENIUS



VIGO 2009

**“TWO WEEK PRIMARY
TEACHERS’ PROJECT”**

**PRESENTACIÓN “PROXECTO COMENIUS VIGO 09”
PARA OS CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE VIGO**

1	QUE É O “PROXECTO COMENIUS”	1 - 3
2	QUÉN SOMOS ESPAZO ENSINA S. L	3
3	MISIÓN DE ESPAZO ENSINA S. L	3 - 4
4	ANTECEDENTES DA XESTIÓN DO “PROXECTO COMENIUS VIGO 09”	4 - 5
5	OBXETIVOS 2ª EDICIÓN EN VIGO	5
6	VENTAXAS DO PROXECTO	6 - 7
6.1	COLEXIOS	
6.2	PROFESORES/AS	
6.3	NENOS/AS	
7	REQUISITOS MÍNIMOS DA PARTICIPACIÓN	7 - 8
8	DOSSIER DE PRENSA	9

1. QUÉ É O PROXECTO COMENIUS

O Proxecto Comenius “Two Week Primary Teachers’ Project.” é un **proxecto de inmersión e mobilidade de profesores Británicos** financiado polo Departament for Education and Skills (Departamento de Educación e Destrezas) dependente do British Council e da Comisión Europea.

A xestión deste proxecto foi outorgada por 4ª Convocatoria consecutiva a ESPAZO ENSINA S.L., empresa situada no entorno de Vigo, que ante o importante apoio que o Servizo de Educación do Concello de Vigo ven amosando ao ensino da lingua estranxeira a través das diferentes liñas abertas, non dubidou en realizar unha proposta de traballo conxunta, ante a inminente oportunidade de colaboración e beneficio educativo.

Explicación do Proxecto Comenius no Manual do Coordinador do Proxecto.

É un proxecto europeo deseñado para apoiar a aprendizaxe e o ensino das linguas estranxeiras no segundo ciclo da Educación Primaria. Nel fináncianse **2 semanas de estancia para profesores de Primaria do Reino Unido que queiran aprender a Lingua Estranxeira que eles mesmos terán que impartir a partir do curso escolar 2009-2010**. O proxecto é ademais un **Programa de Inmersión Lingüística**, que precisa do traballo conxunto dos colexios implicados e supón unha experiencia cultural entre profesores de Educación Primaria dos colexios do Reino Unido e do resto de Europa. Preténdese, ademais, que os profesores participantes neste proxecto se aloxen na casa de familias para acadar unha experiencia de inmersión cultural completa na lingua que se pretende aprender e/ou actualizar.

As principais características deste programa piloto para os seus participantes son:

- Aprendizaxe a través de experiencias reais
- Inmersión na cultura e lingua que se quiere aprender, enfatizando o traballo nos colexios cos profesores nativos.
- Axeitada duración da actividade para a maioría dos profesores.
- Axuda económica para apoiar e favorecer a participación.
- Posibilidade dunha futura sociedade entre os centros educativos para facilitar a aprendizaxe das linguas e o diálogo intercultural

Two Week Primary Teachers’ Project: A handbook for co-ordinators 2009
(Proxecto de formación para profesores de primaria de 2 semanas de duración 2009)
www.britishcouncil.org

Ante a obrigatoriedade de introducir unha 2ª lingua nos colexios de Educación Primaria no Reino Unido no 2010, pone en marcha o Programa Europeo de Mobilidade e Inmersión Lingüística “Two Week Primary Teachers’ Project” co obxectivo de formar a profesores británicos nunha 2ª lingua estranxeira en Centros de Educación Primaria Europeos.

O incipiente e crecente interese do español no Reino Unido, fai que moitos Centros de Educación Primaria, escollan o noso idioma como 2ª lingua para cubrir esta obligatoriedade, establecida polo Goberno Británico para 2010. Angela Norris, membro do equipo de linguas do Departamento de Educación e Destrezas do British Council, afirma no Prólogo do manual do coordinador do proxecto Comenius 2008 o seguinte:

A pedra angular da Estratexia Nacional de Lingus (equivalente ao Curriculum Nacional), publicada en 2002, era o dereito de todos os nenos do segundo ciclo de Educación Primaria ao aprendizaxe dunha segunda lingua no 2010. A revisión de Lord Dearing's, publicada o 12 de marzo de 2007, recomendaba a imposición e o control das lingus no currículo de primaria por parte do estado na próxima revisión do Currículo de Primaria. O secretario de estado aceptou esta recomendación.

O "Two Week Primary Teacher's Project", fundado polo departamento de Nenos, Colexios e Familias e a Comisión Europea, proporciona valiosas oportunidades para o desenvolvemento profesional dos profesores de primaria, axudantes de profesores e axudantes de profesores de alto nivel, permitíndolles incrementar a súa confianza e coñecemento da Lingua Estranxeira e a súa pedagogía.

A avaliación temporal do proxecto piloto foi altamente positiva e alentadora. Quedou claro que as expectativas dos profesores quedaron sobradamente cubertas con beneficios que inclúen un incremento da confianza e liderazgo, oportunidades para plantear convolutamente esquemas de traballo, un contexto para compartir materiais, un coñecemento intercultural máis profundo e un incremento das destrezas lingüísticas. Ademais, potencialmente, creáronse vínculos de longa duración entre colexios.

Agora estamos traballando cos nosos compañeiros da TDA (Axencia de desenvolvemento e formación para colexios e o Goberno Británico) para planificar un próximo ano de actividades. Ata agora os coordinadores deste país e do extranxeiro, xogaron un papel moi significativo no éxito de este proxecto. Esperamos que sexades parte deste proxecto de novo e damos a benvida aos novos coordinadores e esperamos que atopedes o proxecto como unha experiencia gratificante.

*Angela Norris
Languages Team
Department for Children, Schools & Families
Prólogo do manual do coordinador do proxecto Comenius 2008
www.britishcouncil.org*

VÍNCULOS DE UTILIDADE:

- <http://www.britishcouncil.org/comenius> The British Council website for Comenius. Including links to the Comenius application forms and essential guidance documents.
- <http://www.globalgateway.org/comenius> One-stop shop of international opportunities for schools (including partner search engine).
- <http://www.standards.dfes.gov.uk/primare/languages/> The National Languages Strategy for Primary Schools.

- <http://www.nacell.org.uk/regional/index.htm> NACOL - The National Advisory Centre on Early Language Learning
- <http://www.cilt.org.uk/comenius/> for details of CiLT's Regional Comenius Centres
- <http://www.lifelonglearningprogramme.org.uk>

2. QUÉN SOMOS ESPAZO ENSINA S.L.

ESPAZO ENSINA S.L, empresa ubicada no entorno de Vigo, está formada por un Equipo de Traballo de profesionais multidisciplinares, cun perfil que se adapta a un novo concepto de formación e aprendizaxe demandado pola sociedade. Concepto novedoso e innovador que comeza a dar os seus froitos, como evidencian as diferentes liñas de traballo e áreas de xestión postas en marcha.

Este equipo multidisciplinar de ESPAZO ENSINA S. L está formado por:

- Profesionais relacionados directamente non só co ensino e a formación do inglés e español, senón tamén coa súa promoción, difusión, estudo e fomento.
- Profesionais vinculados co turismo e ocio orientado ao aprendizaxe das linguas ELE e ILE.
- Profesionais estreitamente relacionados coa xestión, pero unha xestión baseada en criterios de calidade e mellora continua, adaptada ás necesidades dos nosos clientes.
- Profesionais relacionados coa informática de xestión, que avanza na efectividade e eficiencia na xestión de proxectos de formación e ensino.
- Profesionais cun amplo coñecemento en cada unha das diferentes áreas como accredita a multitude de experiencias realizadas.

O noso equipo de traballo, aséntase nunha realidade existente dende comezos do ano 2000. Realidade que nos últimos anos converteuse nunha necesidade palpable de aprender inglés e español e formar a formadores estranxeiros, sobre todo pertencentes ao Reino Unido en lingua española, como avala dende un punto de vista estratégico, as políticas educativas do Reino Unido e dende un punto de vista operativo, as iniciativas levadas a cabo polo noso equipo de traballo.

3. MISIÓN ESPAZO ENSINA S.L.

A misión de ESPAZO ENSINA S.L é a xestión, creación, innovación e desenvolvemento de actividades, programas e proxectos de formación en lingua estranxeira, así como a promoción da mesma.

Polo tanto, nun sentido más práctico, a nosa razón de ser é:

XESTIONAR:

- Proxectos e programas lingüísticos.
- Proxectos e programas de mobilidade internacional entre institucións educativas do Reino Unido e España.

PROMOCIONAR:

- O ensino do Inglés e do Español como Linguas Estranxeiras.

CREAR:

- Material didáctico para o aula de Lingua Estranxeira través das TIC.

INNOVAR E DESENVOLVER:

- Metodoloxía e didáctica das linguas estranxeiras.
- Programas de innovación e investigación vinculados ao proceso de aprendizaxe lingüístico.

4. ANTECEDENTES DO PROXECTO.

EN ESPAÑA

As primeiras experiencias e polo tanto referencias na xestión do “Proxecto Comenius” en España, lévanse realizando dende o ano 2005 no sur de España, sobre todo en Granada, polos contactos existentes entre a Universidade desta cidade e o British Council. A xestión do proxecto realizaase a través da Universidade que é a responsable da organización da formación e da estancia do profesorado en colexios de primaria.

Debido a unha mala formulación de partida, á falta de iniciativas noutras zonas de España, e ao propio paso do tempo, a xestión do proxecto a través da Universidade no sur de España, foise devaluando dende o punto de vista da calidade académica e de xestión.

Ao mesmo tempo, dende hai 3 anos, membros de ESPAZO ENSINA S. L, veñen liderando a formación do profesorado de ELE no entorno xeográfico de Manchester e Sheffield, a través do apoio e promoción de proxectos de formación conxuntamente levados a cabo, con institucións educativas responsables destas actividades no Reino Unido como as LEAs (de Manchester, Sheffield, Doncaster, Blackburn e Salford), o Instituto Cervantes, a *Consejería de Educación* pertencente á Embaixada de España en Londres e o British Council.

Nesta situación, considérase a posibilidade de optar á xestión do “Proxecto Comenius” dende outra perspectiva e con diferentes valores engadidos, non só para os participantes que proceden do Reino Unido, senón para o entorno educativo que os acolle.

Con esta proposta, asentada neste enfoque, outorgóuseños a xestión da 1ª Convocatoria do 2008 no mes de Febreiro. Ante o éxito acadado e trala presentación – feedback realizado por unha das participantes na convocatoria de Febreiro, na reunión de Coordinadores do “Proxecto Comenius” do Reino Unido (celebrada no mes de Maio en Londres) algúns destes coordinadores, puxéreronse en contacto con nós para xestionar as seguintes convocatorias que se celebraron a finais de Outubro e comezos de Novembro en Vigo, sendo 25 profesores Británicos os participantes na mesma, quenes visitaron os nosos centros de primaria para o desenvolvemento do COMENIUS VIGO 08.

EN VIGO

Como acabamos de mencionar, no mes de outubro do ano pasado 2008 desenvolvemos o proxecto con 25 profesores británicos visitantes pertencentes a centros escolares situados en 3 zonas diferentes do centro de Inglaterra: Manchester, Sheffield e Doncaster. Este profesorado visitante, foi

recibido en 13 centros escolares da cidade, sendo acollido polo propio profesorado dos centros, como especifican as bases do proxecto.

Debido ao gran éxito do proxecto para todos os participantes e a oportunidade para establecer vínculos internacionais entre os centros escolares que facilite a mellora do aprendizaxe do inglés como 2ª lingua, a Concellería de Educación do Concello de Vigo volve a apoiar e impulsar esta iniciativa.

A experiencia e a evidencia (diferente documentación así coma a Memoria) desta primeira convocatoria celebrada no noso concello “COMENIUS VIGO 08”, pódese acceder a través do link establecido na páxina web do Servizo de Educación do Concello de Vigo:

http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion_pili.php?lang=cas

http://hoxe.vigo.org/pdf/educacion/idiomas/evaluacion_COMENIUS.pdf

5. OBXETIVOS DO PROXECTO.

Dende o Servizo de Educación do Concello de Vigo, a hora de facilitar a posta en marcha da 2ª edición do Proxecto COMENIUS en Vigo, establece unha serie de obxetivos.

OBXETIVOS ESTRATÉXICOS / XERAIS

1. Consolidar lazos e vínculos entre áreas (Vigo e cidades do centro de Inglaterra) e institucións educativas (Servizo de educación do Concello de Vigo – Autoridades locais educativas inglesas) a través de diferentes proxectos internacionais.
2. Contribuír a desenvolver e mellorar o ensino da lingua inglesa no noso sistema educativo en primaria, a través da actualización metodolóxica do profesorado e a inmersión real do alumnado de Primaria.

OBXETIVOS OPERATIVOS / ESPECÍFICOS

1. **Establecer proxectos de mobilidade internacional para o profesorado, baseado na actualización metodolóxica:** Neste momento estase a traballar e cerrando as bases para a posta en marcha no mes de Xuño (2010) da estancia de profesorado dos centros da nosa cidade no entorno das autoridades locais de educación pertencentes a Manchester e Sheffield. O proxecto estructúrase nun programa de formación e inmersión con diferentes actividades e compromisos por parte dos participantes.
2. **Establecer proxectos de mobilidade internacional de alumnado intercentros:** Cunha perspectiva de futuro, a posta en marcha destas dúas iniciativas internacionais, a curto prazo (COMENIUS 09) e a medio prazo (actualización pedagógica do noso profesorado) e de obrigado cumprimento trasladar o alumnado o valor engadido desta interacción de coñecemento e iniciativas conxuntas, que asenta as bases para potenciar e facilitar un programa de mobilidade internacional de alumnado entre os distintos centros participantes.

6. VENTAXAS DO PROXECTO.

6.1 PARA OS CENTROS ESCOLARES

1. A posibilidade de establecer unha relación internacional directa con outros centros escolares ingleses.

2. A posibilidade de participar e formar parte noutros proxectos de carácter internacionais.

3. Aumenta o recoñecemento do colexio como Institución Educativa: O prestixio do colexio aumenta ao involucrarse neste tipo de proxectos de cara á comunidade educativa.

- Respecto ás Institucións Educativas restantes
- Respecto aos familiares dos alumnos
- Respecto ao profesorado pertencente ao colexio

4. Recoñecemento Internacional a través das Institucións Educativas no Reino Unido.

5. Pon en contacto ao colexio con outras realidades educativas e experiencias internacionais.

6. Aumenta a calidade do ensino do inglés no Centro: No último térmico e como vantaxe más evidente e directa, o colexio aumentará a calidade do ensino do inglés no seu centro, pero esta vantaxe fundamental, aséntase nestas variables facilitadoras que se poden interpretar perfectamente como vantaxes en si mesmas:

- a. Facilita a motivación e o compromiso pola promoción e desenvolvemento do estudio dunha lingua estranxeira da comunidade escolar, neste caso o Inglés.
- b. Involucra directamente aos actores principais do proceso de formación-aprendizaxe do inglés: Profesores / alumnos.
- c. Permite establecer un contacto real con outro centro do Reino Unido coa necesidade de poñer en marcha iniciativas e proxectos de colaboración en inglés e español.
- d. Permite iniciar liñas de traballo convxuntas entre ambos centros que involucren a toda a comunidade escolar (alumnos e familias) na mellora do inglés e (profesores) novos métodos de ensino.

6.2 PARA O PROFESORADO DO CENTRO

1. Posibilita a participación noutros proxectos internacionais: Actualización metodolóxica ou a mobilidade do alumnado intercentros.

2. Maior motivación e compromiso para o ensino de linguas.

3. Posibilita a mellora lingüística do profesor de inglés: Ao estar en contacto durante dúas semanas cun profesor británico, practicará o idioma, o que facilitará unha melloría na súa expresión lingüística.

4. Posibilita a transferencia de coñecementos corporativos (entre profesores): Pon en contacto o coñecemento e experiencia de dous sistemas educativos diferentes (diferentes metodoloxías de ensino, diferentes sistemas de recompensa, diferente material didáctico empregado...) positilizando a sinerxía entre ambos, na búsqueda da mellora do:

- Profesor como Profesional directamente.
- Proceso de formación-aprendizaxe indirectamente.

5. Contacto profesional e persoal no estranxeiro.

6. Posibilita o establecemento de obxectivos reais no ensino do inglés no colexio: A través das diferentes posibilidades que permite este primeiro contacto, o profesor ten ao alcance da súa man, ferramentas reais que lle permiten marcar obxectivos palpables, medibles e factibles a través da posta en marcha de iniciativas conxuntas co seu homónimo no centro Británico.

7. Certificado de Participación por parte do British Council

6.3 PARA OS ALUMNOS / ALUMNAS DO CENTRO

1. Posibilita poder participar nun programa de mobilidade internacional do alumnado intercentros

2. Maior motivación na aprendizaxe do inglés ante a novidade da experiencia:

- Na pre-estancia para poder comunicarse
- In situ porque comunícase realmente co nativo na lingua que está aprendendo.

3. Posibilita unha porta aberta a medio-longo prazo ao contacto real e directo cun aprendizaxe do inglés accesible a través de profesores británicos (nativos): Este contacto real e directo é evidente a corto prazo a través desta estancia de dúas semanas, que se pode afianzar a través das diferentes oportunidades que brinda este primeiro encontro, repercutindo directamente na aprendizaxe posterior (a medio-longo prazo) do inglés do alumno/a.

7. REQUISITOS DA PARTICIPACIÓN

Para a participación e desenvolvemento deste proxecto nos centros educativos, existen tres requisitos primordiais e imprescindibles. Nomear a:

- **Identificar o posible profesor participante no proxecto de actualización metodolóxica que se porá en marcha no vindeiro mes de xuño (2010):** O profesorado que se identifique só poderá ser profesorado de inglés. A non identificación do profesor NON exclúe da participación desta edición do COMENIUS.
- **Un Profesor TITOR:** Profesorado Responsable do Profesorado Inglés no Centro que acolle e coas funcións que se definen a continuación.
- **Un “ANFITRIÓN”:** Persoa encargada de ofrecer aloxamento ao profesor inglés.

O Titor e o Anfitrión poderán ser ou non a mesma persoa, esta decisión depende do Centro e dos propios profesores do mesmo.

A continuación enuméranse os requisitos que deberán cumplir tanto o Profesor Titor como o Anfitrión, para o cumprimento do proxecto con garantías de éxito e un desenvolvemento do mesmo en condicións óptimas á altura que se merece.

REQUISITOS DO PROFESOR – TITOR (Compromiso por parte do que será o Titor do profesor inglés no Centro Escolar):

- Asistir ás reunións informativas previas.
- Informar ao director/a e aos demais compañeiros do colexio da visita e estancia dun profesor británico no centro coas implicacións que iso conleva.
- Estar en contacto co anfitrión para ter unha boa coordinación da estancia do profesor inglés en todo momento.
- Asistir á recepción oficial no Concello.
- Mostrar as instalacións do colexio e ensinar as regras básicas de funcionamento ao Profesor Inglés a súa chegada a este.
- Facer un horario ao profesor inglés para que visite os niveis educativos do centro que máis lle interesen.
- Xestionar cos compañeiros do centro a visita do profesor inglés nas súas clases.
- Traballo en equipo co profesor inglés planificando polo menos dúas sesións/unidades didácticas.
- Involucrar ao profesor inglés nas rutinas diarias do colexio (clases, gardas, reunións, recreos, cafetería, claustro, etc)
- Facilitar información de como está organizado o sistema educativo español para que así poida establecer comparacións co sistema inglés
- Completar o cuestionario final (Training evaluation) sobre a estancia do profesor inglés e envialo dentro do prazo establecido

REQUISITOS DO ANFITRIÓN (Compromiso por parte do que será o Anfitrión do profesor inglés no Centro Escolar): Dende a organización aconséllase que sexa profesor de inglés.

- Asumir a manutención do profesor inglés e o aloxamento polo que recibirá 400 €.
- Coordinarse co profesor inglés para o transporte dende a casa ata o colexio e viceversa e nos casos que o requira.
- Coordinarse co coordinador do proxecto para o transporte a lugares acordados.
- Estar en contacto co profesor-titor para ter unha boa coordinación da estancia do profesor inglés en todo momento (tempo libre durante a semana e fin de semana).
- Asistir á recepción oficial no Concello.

8. FOTOS E DOSSIER DE PRENSA DE EDIÇÕES PASADAS



4 **valmiñor**

PARDO DE VIGO
Sábado, 25 de febrero de 2006

Un proyecto para mejorar la calidad de la enseñanza de idiomas

Nigrán recibió la visita de un grupo de profesores ingleses

REDACCIÓN Nigrán

El pasado 2 de febrero, un grupo de seis profesores ingleses del área de Manchester llegaron a Nigrán para participar en el proyecto europeo "Educación and Culture lifelong learning programme. COMENIUS. Two week primary teacher Project", iniciativa en la que se seleccionó la propuesta de esta localidad gallega como punto de encuentro para mejorar la calidad de la enseñanza del inglés y del español, tanto en el Reino Unido como en el Val Miñor.

Este proyecto europeo se enmarca en una iniciativa promovida por el British Council - Ministerio de Educación Ingles-, en colaboración con la Consejería de Educación en el Reino Unido - dependiente de la embajada española en Londres- y al

Instituto Cervantes de Manchester. La representación e impacto de la iniciativa quedó suficientemente demostrado, ya que participaron seis colegios de la zona (el CEIP Humberto Juárez, el CPI Pasión, el CEIP, Grúa, el CEIP Carlos Casares, el CEIP de Malán y CP de Sabarís), cuyos profesores acogieron a los visitantes ingleses como parte de la inmersión lingüística que exige el proyecto.

El grupo fue recibido, además, en el salón de plenos del Concello de Nigrán por el alcalde Ethel Juárez y la concejala de Educación y Turismo Mª Estela Pérez, el pasado 8 de febrero.

Fueron recibidos en la Casa do Concello y participaron en una ruta de senderismo

Nigrán, punto de encontro

Profesores ingleses e gallegos comparten experiencias nos centros do Val Miñor

Redacción VIGO



Os profesores ingleses acompañados de Marcos Arias en Puxón.

CEIP Humberto Juárez de Nigrán; Montse Guzmán, profesora de Inglés inglesa no Val Miñor, e David Rodríguez.

Nigrán e Manchester

Todos os profesores implicados nesta experiencia, tanto ingleses como gallegos, coincidieron en calificarla moi positiva tanto para o profesorado, como para todo o alumnado, como unha oportunidade de mellorar a relación entre os colexios de Manchester e do Val Miñor.

O desenrolle de todo este proxecto europeo, afanxa a relación entre Nigrán e a área de Manchester, na promoción lingüística e educativa do inglés e do español, iniciada hai varios anos coa creación dun centro educativo entre o CEIP Humberto Juárez e o Saint John's R.C. Primary School en Manchester, en estreita colaboración con Chus Álvarez, profesora do colexio

escalar. Ademais, o proxecto completouse con visitas guiadas aos principais lugares turísticos da comarca, como a Praia de Baiona, etc) e de Galicia, como Santiago e de Compostela, ou a diferentes instituciones que colaboraron o Concello de Nigrán e o CTC, Centro de Iniciativas Turísticas do Val Miñor.

A inclusión do nigran como punto de encontro para o desenvolvemento desse proxecto supo parte da iniciativa dun equipo de profesores da Universidade de Vigo e de Marcos Arias Rodríguez e director de lingüas do Saint John's R.C. Primary School en Manchester, en estreita colaboración con Chus Álvarez, profesora do colexio

■ COORDINADOR: MARÍA REBOLLOS ■ DURACIÓN: Javier Aguilera ■ CORRESPONDENCIA: A ESCOLA DO FARO, FARO DE VIGO
C/ Uruguay, nº 10, 36201- Vigo ■ TELÉFONO: 986 23 65 59 o 966 91 46 00 Fax: 986 81 46 51 ■ E-MAIL: portela@epies.es



Gue Ferguson cos alumnos do CEIP Carlos Casares de Nigrán.



4 **valmiñor**

PARDO DE VIGO
Sábado, 25 de febrero de 2006

Un proyecto para mejorar la calidad de la enseñanza de idiomas

Nigrán recibió la visita de un grupo de profesores ingleses

REDACCIÓN Nigrán

El pasado 2 de febrero, un grupo de seis profesores ingleses del área de Manchester llegaron a Nigrán para participar en el proyecto europeo "Educación and Culture lifelong learning programme. COMENIUS. Two week primary teacher Project", iniciativa en la que se seleccionó la propuesta de esta localidad gallega como punto de encuentro para mejorar la calidad de la enseñanza del inglés y del español, tanto en el Reino Unido como en el Val Miñor.

Este proyecto europeo se enmarca en una iniciativa promovida por el British Council - Ministerio de Educación Ingles-, en colaboración con la Consejería de Educación en el Reino Unido - dependiente de la embajada española en Londres- y al

Instituto Cervantes de Manchester. La representación e impacto de la iniciativa quedó suficientemente demostrado, ya que participaron seis colegios de la zona (el CEIP Humberto Juárez, el CPI Pasión, el CEIP, Grúa, el CEIP Carlos Casares, el CEIP de Malán y CP de Sabarís), cuyos profesores acogieron a los visitantes ingleses como parte de la inmersión lingüística que exige el proyecto.

El grupo fue recibido, además, en el salón de plenos del Concello de Nigrán por el alcalde Ethel Juárez y la concejala de Educación y Turismo Mª Estela Pérez, el pasado 8 de febrero.

Fueron recibidos en la Casa do Concello y participaron en una ruta de senderismo



El grupo de profesores ingleses, durante su visita a la Casa do Concello de Nigrán.

tronos. Esos días después participaron en la ruta de senderismo que organiza la Consellería de Turismo y la Ruta das Marabillas. Ellos días después participaron en la ruta de senderismo que organiza la Consellería de Turismo y la Ruta das Marabillas.

dentro de es programa "Aadar Nigrán". Allí tuvieron la posibilidad de visitar la zona de los molinos de Ribeira, el Castro y ver en funcionamiento uno de los molinos de agua. El desarrollo de este proyecto europeo afianza la relación entre Nigrán y el área de Manchester en la promoción lingüística y educativa



4 **valmiñor**

PARDO DE VIGO
Sábado, 25 de febrero de 2006

Un proyecto para mejorar la calidad de la enseñanza de idiomas

Nigrán recibió la visita de un grupo de profesores ingleses

REDACCIÓN Nigrán

El pasado 2 de febrero, un grupo de seis profesores ingleses del área de Manchester llegaron a Nigrán para participar en el proyecto europeo "Educación and Culture lifelong learning programme. COMENIUS. Two week primary teacher Project", iniciativa en la que se seleccionó la propuesta de esta localidad gallega como punto de encuentro para mejorar la calidad de la enseñanza del inglés y del español, tanto en el Reino Unido como en el Val Miñor.

Este proyecto europeo se enmarca en una iniciativa promovida por el British Council - Ministerio de Educación Ingles-, en colaboración con la Consejería de Educación en el Reino Unido - dependiente de la embajada española en Londres- y al

Instituto Cervantes de Manchester. La representación e impacto de la iniciativa quedó suficientemente demostrado, ya que participaron seis colegios de la zona (el CEIP Humberto Juárez, el CPI Pasión, el CEIP, Grúa, el CEIP Carlos Casares, el CEIP de Malán y CP de Sabarís), cuyos profesores acogieron a los visitantes ingleses como parte de la inmersión lingüística que exige el proyecto.

El grupo fue recibido, además, en el salón de plenos del Concello de Nigrán por el alcalde Ethel Juárez y la concejala de Educación y Turismo Mª Estela Pérez, el pasado 8 de febrero.

Fueron recibidos en la Casa do Concello y participaron en una ruta de senderismo

Proxecto Comenius Vigo'09

Organiza:



Colabora:

CONCELLERÍA
DE EDUCACIÓN



Promociona:

